

Materia/Área	RELIXIÓN CATÓLICA		
Profesor/a	M ^ª BEATRIZ FERREIRA COUTO		
Curso e grupo	4º ESO		

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Os criterios de avaliación fixados non han de ser medidos de forma mecánica, serán con flexibilidade, e tendo en conta a situación do alumno, o curso no que se atopa, ademais das súas propias características e posibilidades.

Os instrumentos de avaliación empregados son:

- Tarefa efectuada na aula: manexo da Biblia, caderno, actividades, participación.
- Actitude cara ós compañeiros, a materia e ó grupo en xeral.
- Traballos sobre temas propostos pola profesora.
- Probas orais e ou escritas.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

40% Cadernos coas tarefas realizadas na clase.

30% Traballos propostos pola profesora, probas orais e ou escritas.

30% Comportamento e actitude cara ós compañeiros, a profesora e materia.

MÍNIMOS:

Os mínimos para obter unha avaliación positiva son:

1. Analizar e valorar o senso e a finalidade da Igrexa en canto realización institucional do servizo de humanización e salvación que Cristo lle ofrece ó ser humano, e descubrir a súa contribución ós procesos máis importantes da historia española e europea.
2. Recoñecer e valorar os acontecementos máis importantes da fe cristiá na historia da Igrexa, nas grandes obras da cultura e nas súas festas, considerando tamén ás contribucións doutras relixións.
3. Coñecer e valorar a resposta dos crentes á mensaxe e o acontecemento cristián que se realiza na Igrexa.
4. A realización das tarefas da clase, tanto os exercicios do libro como as fichas e textos de comprensión.
5. Comportamento respectuoso cara ós compañeiros, materia e profesora.
6. Manexo correcto da Biblia.